



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: cultura

Expdte.: 2020/G003/000016

## **BASES CONCURSO DE DESEÑO DO CARTEL DA 40 EDICIÓN DA FEIRA DO GRELO 2020.**

### **1. OBXECTO**

As presentes Bases teñen por obxecto a regulación dun concurso, para o deseño da imaxe e cartel oficial da 40 edición da Feira do Grelo das Pontes, que se celebrará os días 22 e 23 de febreiro de 2020.

Traballos a presentar:

#### **1.1- Cartel anunciador da Feira do Grelo**

O modelo de cartel cumprirá coas condicións e requisitos sinalados nas presentes bases.

#### **1.2.- Deseños e adaptacións:**

O gañador deste concurso deberá presentar as seguintes adaptacións do cartel gañador:

- Cartel adaptado á inserción de texto coas actividades máis relevantes da Feira (concursos, actuacións, degustación popular,...).
- Deseño dun tríptico de tamaño A4 para divulgar o programa da Feira, co texto que será proporcionado polo Concello das Pontes. Este tríptico entregarase preparado para impresión e pregado.
- Adaptación do cartel á divulgación en web, redes sociais (banner publicitarios, portada Facebook, etc..) e a outros tamaños (A4, A3)

Os datos e características para as adaptacións serán facilitados polo Concello.

#### **1.3.- Non se establece límite no número de obras a presentar.**

### **2. PARTICIPANTES**

Poderán participar no concurso tanto persoas físicas como xurídicas, individualmente ou en equipo, que cumpran os requisitos sinalados na base quinta.

### **3. REQUISITOS**

#### **3.1.- Tema:**

- O tema das obras presentadas deberá facer referencia á Feira do Grelo das Pontes. Estará destinado a ser utilizada como imaxe oficial desta na campaña de divulgación e publicidade en prensa.
- Os traballos deberán ser orixinais e inéditos, non presentados a outros concursos, e os seus autores serán responsables ante o Concello e fronte a terceiros, do cumprimento do establecido nestas bases. O incumprimento deste apartado dará lugar á exclusión do concurso.
- Todos os elementos do cartel deberán ser orixinais, excepto os logos do Concello de As Pontes.

#### **3.2.- Características técnicas:**

- Os carteis poderán ser realizados mediante calquera técnica ou procedemento, pero deberán presentarse en formato e soporte dixital.
- Como é obrigatoria a elaboración dixital dos traballos, os autores deber portar o correspondente soporte dixital ou similar con todos os ficheiros necesarios para a obtención de fotolitos (formato editable), as fontes empregadas e, si fose o caso, os orixinais das imaxes en formato JPEG ou outros de uso público.
- Non se admitirán imaxes dixitais en formatos de programas sometidos a dereitos e/ou licenzas de uso que non permitan o uso público dos mesmos.
- Non se establecen límites na composición artística dos carteis, quedando á total liberdade dos seus autores a elección de cores e o número destes, representacións gráficas, motivos pictóricos, etc.
- Texto que se debe incluír:

40 FEIRA DO GRELO



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: cultura

Expdte.: 2020/G003/000016

22-23 de febreiro de 2020  
As Pontes

## - Logos

O cartel deberá levar o escudo do Concello das Pontes e o logo de cultura (ambos serán proporcionados polo Concello das Pontes).

## - Lema:

O traballo presentado en formato dixital levará un lema que servirá para preservar a identidade do autor ata o fallo do Xurado.

## 4. DOTACIÓN ECONÓMICA

O Concello das Pontes adquirirá os dereitos de explotación do traballo vencedor polo que abonará a cantidade de 750 euros.

O gañador quedará sometido ás disposicións fiscais vixentes, incluídas as correspondentes retencións fiscais.

## 5. PRESENTACIÓN E PRAZO

O prazo de presentación dos traballos comezará ao día seguinte da publicación destas bases no BOP da Coruña e finalizará o 27 de xaneiro de 2020, ás 14:00 h.

Para a recepción dos traballos por correo postal soamente serán admitidos os que se reciban ata o 29 de xaneiro, sempre que fose enviado dentro do prazo establecido, e se acredite o envío do traballo por correo electrónico ao enderezo [cultura@aspontes.org](mailto:cultura@aspontes.org), axuntando o acuse de recibo de correos ou axencia de transporte, xunto co lema que servirá para preservar a identidade do autor ata o fallo do xurado.

Os traballos presentaranse ou enviaranse debidamente embalados ao seguinte enderezo:

Concello de As Pontes  
Concurso de carteis Feira do Grelo 2020  
Parque Municipal s/n  
15320 As Pontes de García Rodríguez  
A Coruña

## **Formato e documentación a presentar:**

Os participantes deberán presentar as obras a concurso nun dispositivo de almacenamento USB que conterá os arquivos nomeados tal e como se especifica no lema. Ademais presentarán obrigatoriamente e acompañando ás obras concursantes un sobre pechado, co seguinte contido:

- Nome, apelidos, dirección, teléfono, correo electrónico e datos que poidan facilitar o contacto co gañador/a.
- Fotocopia do DNI ou pasaporte ou documento que sinala a personalidade do autor/a.
- Declaración xurada de que o traballo é orixinal e inédito e de que non foi presentado a ningún outro concurso.
- Declaración responsable de non ter débedas coas administracións públicas.
- No exterior do sobre aparecerá, en letras maiúsculas, o mesmo lema que figure na obra presentada, sen constar alusión algunha que permita identificar ao concursante. É causa de exclusión do concurso o incumprimento destas normas.
- Nas obras enviadas por correo ou axencia de transporte farase constar o día e da súa entrega, sen que exista mención algunha do remitente.

## 6. XURADO

A selección e concesión do premio do concurso realizarase a proposta dun xurado nomeado polo Concelleiro da área de Contratación e Cultura do Concello das Pontes. O xurado estará construído por un mínimo de tres persoas e actuará como Secretaria do xurado a do Concello ou funcionario en quen delegue.



# CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: cultura

Expdte.: 2020/G003/000016

O Xurado constituirase e reunirse co obxectivo de emitir o seu fallo.

Excluíranse as obras que:

1. Non cumpran cos requisitos esixidos nas características técnicas.
2. Non acompañen o sobre da documentación.
3. Cheguen fora de prazo nos términos que establece a base 5.
4. Atenten contra dereitos fundamentais ou se consideren discriminatorias ou plaxio doutras obras.
5. O gañador non cumpra algún dos requisitos para contratar coas administracións públicas ou teña débedas pendentes con algunha delas.

O xurado poderá declarar deserto o concurso en caso de considerar que ningún dos traballos presentados reúne os méritos suficientes para ser premiado.

As decisións do xurado serán, en todo caso, inapelables.

Seleccionado o gañador, procederá a abrirse o sobre da documentación, verificando a existencia da documentación requirida. En caso de ser esta defectuosa, darase un prazo de 48 horas para completala. Transcorrido devandito prazo seleccionárase a seguinte obra.

A decisión do xurado farase pública, xunto cos nomes das persoas que o compoñan, nos medios que o Concello estime oportunos. O Concello poñerá en contacto có gañador por teléfono e/ou enderezo electrónico.

## **7. RESOLUCIÓN DO CONCURSO**

- O traballo seleccionado para anunciar a 40 Feira do Grelo será adquirido polo Concello das Pontes, e será propiedade exclusiva do mesmo. Poderá ser reproducido para anunciar o evento e facer o uso promocional que se estime conveniente, con mención ao seu autor.
- O Concello queda facultado para introducir modificacións no cartel premiado si existise algunha dificultade técnica para a súa impresión, ou fose necesario adaptalo para o seu uso noutros soportes promocionais ou artístico
- Os traballos non seleccionados poderán ser recollidos ou reclamados a portes debidos previa solicitude dos autores que figuran no sobre, vía telefónica ou correo electrónico, unha vez resolto o concurso, e ata o 30 de marzo.
- Si no prazo indicado non se retiraron, entenderase que os seus autores renuncian á súa propiedade a favor do Concello das Pontes, quen poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis conveniente, que poderá incluír, entre outras medidas, a súa edición ou impresión por parte deste Concello.

## **8. PUBLICIDADE**

1.- A convocatoria publicarase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña. Anunciarase na páxina web do Concello das Pontes ([www.aspontes.org](http://www.aspontes.org)) e nas redes sociais do Concello e departamento de Cultura.

O feito de participar no proceso implica o coñecemento e aceptación das entes bases na súa totalidade.

En todo o non previsto nestas Bases os órganos competentes do Concello das Pontes, en cada caso, quedarán facultados para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do concurso.

As Pontes, xaneiro de 2020.